
BREVE HISTORIA DA ESCRAVITUDE

Texto de JAMES WALVIN

Tradución de CARLOS ACEVEDO

Ilustración de portada de ADRIÀ FRUITÓS

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 360 páx. 18 €.

[Breve historia da escravitude](#) (galego)

ISBN 978-84-16721-67-2. Ágora K. Factoría K.

[Breve historia de la esclavitud](#) (castelán)


ISBN 978-84-16721-68-9. Ágora K. Factoría K.

O Reino Unido e os Estados Unidos prohibiron o seu propio tráfico de escravos no Atlántico nos anos 1807 e 1808, mais ese comercio sobreviviu (sobre todo no Brasil e en Cuba) ata a súa desaparición na década de 1860. Ao longo dos tres séculos e medio anteriores, transportáranse por volta de doce millóns de africanos a bordo dos buques negreiros do Atlántico. Deles, uns dez millóns e medio sobreviviron ata desembarcaren en América. A maioría das grandes potencias navais de Europa occidental e de América participaron, en maior ou menor, grao naquel sistema de tráfico de persoas...

James Walvin escribiu «Breve historia da escravitude» en 2007, polo bicentenario da abolición da trata de escravos no Reino Unido e nas súas colonias. Experto nesta complexa materia, o autor presenta unha escolma de textos históricos que permiten achegarse á mentalidade de quen sostivo unha institución tan aberrante como moralmente aceptable, enfrontándoa coa visión crítica actual. A obra sitúanos con rigor ante un dos capítulos máis vergoñentos da historia e cuxas repercusións aínda perduran na actualidade, facendo unha reflexión sobre a relación entre a escravitude e o sistema económico capitalista occidental.

Este libro parte do contexto histórico no que se produce o comercio de escravos, analiza as condicións de vida nesas comunidades e explica que sucedeu para que o Reino Unido pasase de ser líder mundial neste tráfico humano a ser pioneiro na súa abolición en todo o Imperio británico.

Para James Walvin, o verdadeiro desafío é integrar a historia da escravitude atlántica nunha historia máis ampla da abolición. Un dos debates céntrase na reparación, que se confunde cun problema financeiro, cando a clave é abordalo en clave histórica e aceptalo como un episodio doloroso para moitas persoas. Trátase dunha tese lúcida, concisa e amena, cun estilo áxil e incisivo, na que o autor fai campaña contra unha lacra que aínda non está completamente erradicada do mundo: Anti-Slavery International, con sede en Londres, é a entidade herdeira da Anti-Slavery Society, fundada en 1839. Como a súa predecesora, sostén un intenso labor a prol da liberación de máis de 40 millóns de persoas sometidas a formas modernas de escravitude: traballo infantil, explotación sexual, matrimonios forzosos...



-
- **Temática:** historia occidental.
 - **Destinatarios:** lectores xuvenís e adultos.
 - **Aspectos destacables:** análise académica sobre feitos históricos pouco estudados e difundidos; política, economía; dereitos humanos, migracións, formas modernas de escravitude; análise crítica do sistema capitalista; outros títulos da colección Ágora K: «[O inimigo coñece o sistema](#)», «[Momentos estelares da humanidade](#)», «[A utilidade do inútil](#)», «[Ocupa a economía](#)», «[A revolta dos indignados](#)», «[¡Indignádevos!](#)» (KALANDRAKA).
 - **Avance do libro:** <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/breve-hta-da-escravitude-g>
-

James Walvin

(Reino Unido, 1942)

Estudou nas Universidades de Kelle e McMaster (Canadá), doutorándose en Historia na Universidade de York, onde impartiu clases durante moitos anos e agora é profesor emérito. Tamén exerceu a docencia en varios países do Caribe, en Norteamérica e Australia. A súa obra ensaística abrangue máis de trinta títulos como autor e editor. Entre as distincións que recibiu figura o prestixioso Premio Memorial Martin Luther King 1975 polo seu libro «Black and White: the Negro and English Society (1555-1945)». Boa parte da súa obra e dos seus artigos tratan sobre a historia da escravitude e o tráfico de escravos. Dende 2006 pertence á Royal Society of Literature do Reino Unido. En 2007 foi comisario dunha exposición parlamentaria sobre a abolición da trata de escravos e asesor da mostra Equiano en Birmingham. En 2008 o seu labor educativo foi recoñecido coa Orde do Imperio Británico. Tamén foi pioneiro no estudo e na divulgación da historia do fútbol.

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
